

REUNIÓN ADMINISTRACIÓN-ORGANIZACIÓNS SINDICAIS SOBRE O NOVO REGULAMENTO DE FUNCIÓNS DE AXENTES FORESTAIS E MEDIOAMBIENTAIS

Santiago de Compostela 16/03/2021

Despois de 25 anos de Regulamento da Escala de Axentes Forestais, 22 de creación da Escala de Axentes Medioambientais e 6 do primeiro compromiso asinado pola Xunta antes do Acordo de 2018, onde tamén se recollía a creación de grupo de traballo para a elaboración dun novo Regulamento, onte tivemos unha calamitosa reunión telemática, cunha abondosa presenza de persoal da administración (11), sobre a que UGT Servizos Públicos expón que:

- Ante tanto incumprimento, hai que fixar datas para as seguintes reunións.
- Que en contra do que opinan algúns, si hai unha base para negociar (a proposta consensuada por 3 sindicatos e Aprafoga, entregada á Xunta en 2017).
- Que estamos ante un Regulamento que debe englobar a toda a Escala independentemente da estrutura orgánica da Xunta de Galicia e dos avatares políticos que lle poidan afectar.

Como primeiros avances, están en primeiro lugar fixar a data do 25 de abril como nova xuntanza e en segundo lugar a toma en consideración da proposta consensuada feita polas organizacións sindicais e Aprafoga.